INFORME DE TRANSPARENCIA
#OTEUBOSQUE, Hectáreas 1 e 2

1. INTRODUCIÓN

Nos meses de xaneiro e febreiro de 2018 a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins en colaboración coa Comunidade do Monte Veciñal en Man Común de Froxán e a Asociación Ecoloxista Verdegaia lanzaron e executaron as dúas primeiras fases do proxecto "No corazón unha árbore: amadriña bosque autóctono" (#oteubosque). Neste periodo plantáronse perto de 2.900 árbores en dúas hectáreas do Monte Veciñal en Man Común de Froxán, Área Conservada por Pobos Indíxenas e Comunidades Locais (ICCA) incluída no Rexistro de ICCAs das Nacións Unidas, eliminando previamente as masas espontáneas de eucalipto que existían nas zonas de intervención, na súa maioría afectadas por incendios en 2006 e 2016. Os eucaliptos foron machacados previamente con trituradora de martelos, deixando en pé os exemplares preexistentes de frondosas autóctonas a conservar e algúns pés non triturábeis de eucalipto e piñeiro de Monterrei, que foron tombados para leña polas comuneiras.

Os traballos foron realizados íntegramente por voluntarias nas dúas rogas que se convocaron os días 20 de xaneiro e 5 de febreiro, e nas que participaron en total perto de 200 persoas, incluíndo as crianzas da iniciativa *Montescola* que tamén colaboraron na xornada do día 20. Adicionamente, para finalizar unha pequena faixa da 2ª hectárea que ficara sen plantar o 4 de febreiro, o día 24 de febreiro programouse unha "miniroga" coas socias da Asociación Véspera de Nada, que durante o mes de febreiro ofreceu 20 exemplares da súa *Guía para o descenso enerxético* para o sorteo do crowdfunding. Con esta intervención, danse por finalizados os traballos de plantación das dúas primeiras hectáreas amadriñadas, quendando por completar os traballos de preparación e colocación das pedras rotuladas cos nomes indicados polas madriñas e, en relación a isto, a disponibilización dos datos xeorreferenciados na web de seguimento do proxecto: http://biodiversidade.eu/proxecto/no-corazon-unha-arbore-no-coracao-uma-arvore-en-el-corazon-un-arbol-a-tree-in-my-heart/

O presente informe foi elaborado para a súa inclusión no apartado de *Transparencia* da páxina do proxecto en Kukumiku e nel reflíctense a contabilidade correspondente á execución do proxecto nestas dúas primeiras hectáreas. Esta presentouse en base aos capítulos e estimacións de gasto colgadas na mesma páxina web. O uso de remanentes en cada capítulo é explicado, coa premisa da continuidade do proxecto, en dirección ao seu obxectivo final de restaurar un total de 10 hectáreas do monte veciñal de Froxán. Este informe é fundamentalmente económico, sendo que o cumprimento e seguimento dos obxectivos ambientais se poderán verificar no portal Biodiversidade.eu conforme se finalicen os traballos de colocación das pedras e xeorreferenciación das árbores e espazos amadriñados.

Aínda que este informe pretendeu ser o máis exhaustivo e detallado posíbel, incluíndo en anexo copia das facturas orixinais e dos xustificantes bancarios das transferencias de pagamento asociados a cada unha delas, desde a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins estamos á disposición de todas as madriñas e persoas que participaron no proxecto para ofrecer calquera aclaración adicional e responder a calquera dúbida que poida producirse. Para iso, abonda con enviar un correo electrónico a: colunasanfins@gmail.com

Non queremos deixar de aproveitar esta oportunidade para expresar novamente o noso máis fondo agradecemento a todas as persoas e entidades que fixéstedes posíbel que o proxecto chegara ata onde chegou, e convidámosvos a continuar acompañándonos para levalo entre todas aínda máis lonxe.

2. CAPÍTULOS DE GASTO

Capítulo 1. Adquisición de árbores

A Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins adquiriu para a plantación das dúas primeiras hectáreas un total de **2.600 árbores**. Adicionalmente, aproximadamente 300 pés de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* foron trasplantados desde dentro do propio monte, sen custo. Deste xeito, o número de árbores total utilizado para as dúas hectáreas é de **2.900 pés**, lixeiramente superior á estimación realizada atendendo ao marco de plantación previsto.

Táboa 1. Número de árbores adquiridos por especie

Especie	Unidades
Quercus robur (carballo)	1.700
Betula celtiberica (bidueiro)	320
Alnus glutinosa (amieiro)	300
Prunus avium (cereixeira)	90
Fraxinius angustifolia (freixo de folla pequena)	50
Corylus avellana (aveleira)	50
Arbutus unedo (érbedo)	50
Fraxinus excelsior (freixo)	40
TOTAL	**2.600**

O custe total da adquisición das 2.600 árbores foi **2.221,92 €,** repartidos entre dúas facturas emitidas polo viveiro Boibel Forestal S.L. de Frades de 741,47 e 1.480,45 euros respectivamente (facturas 1 e 2 anexas). Todas as árbores eran de categoría de material forestal de reprodución "identificado" (etiqueta amarela), tendo como rexión de procedencia a mesma bacía hidrográfica do Tambre, na que se encontra o monte de Froxán.

O custe previsto inicialmente para o capítulo de adquisición de árbores fora de 2.000 euros por hectárea, o que se calculara asumindo un prezo máis elevado por unidade. **Na realidade, o prezo medio por unidade foi inferior, de modo que se xerou un remanente total de 1.778,08 euros neste capítulo. O destino deste remanente explícase no seguinte capítulo.**

Capítulo 2. Rozas previas [e posteriores]

O capítulo de rozas previas contemplaba a realización de rozas mecanizadas con tractor nas zonas de eucalipto para a súa trituración, así como o posterior aburatado con miniexcavadora ao marco de plantación previsto. O capítulo contemplaba xerar ademais un fondo para as rozas mecanizadas posteriores necesarias para a consolidación da masa de frondosas durante os anos seguintes. En total, estimárase un custo de 2.000 euros por hectárea, do que 700 euros sería para as rozas e preparación previa, e 1.300 para os traballos de anos sucesivos.

A Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins contratou a preparación do terreno das 2 primeiras hectáreas con trituradora de martelos e aburatado á empresa Desbroces Casal S.L. de Rois. O prezo dos traballos por hectárea foi de 1.284,25 euros, supoñendo un total de **2.568,5** euros (facturas 3 e 4 anexas). Este prezo foi superior ao inicialmente previsto.

O remanente total deste capítulo para as dúas hectáreas foi de 1.431,5, o que resulta insuficiente para os traballos de roza en filas necesarios para a consolidación da plantación nos próximos anos. **Por ese motivo, optouse por transferir o remanente do capítulo 1 (1.778,08 euros) para o fondo de consolidación das dúas primeiras hectáreas, que suma así un total de 3209.58 euros, máis acorde coa previsión inicial e cos custes reais dos traballos.** As facturas e descrición dos traballos de consolidación serán subidos nesta mesma sección de transparencia de Kukumiku, comezando en 2019, dando conta da descrición dos traballos ás madriñas.

Capítulo 3. Gastos loxística e voluntariado

Os gastos de loxística e voluntariado estimáranse en 550 euros por hectárea, o que suporía un total de 1.100 euros para as dúas primeiras hectáreas. Non obstante, a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins apenas gastou, no total para as dúas hectáreas, **497,20 euros**, xerando un remanente de **602,8 euros**. Débese notar ademais que algúns dos gastos efectuados correspóndense a elementos aos que se dará uso continuado e que, portanto, non deberán adquirirse novamente para actuacións posteriores nas zonas que veñan a ser amadriñadas. Ademais da ferramenta, decidiuse reaproveitar as luvas, lavándoas despois de cada uso.

Os gastos do albaroque (comida colectiva ofrecida ás voluntarias) supuxo un gasto de **140,72 euros** para as dúas rogas realizadas en 20/01/2018 e 04/02/2018. O "menú" incluiu nas dúas ocasións unha sopa quente de verduras, un pancheo feito segundo as preferencias alimentarias de cada quen, fruta, café e infusións e roscón ou filloas. O viño foi ofrecido pola Sociedade Coluna Sanfins máis a partir dos seus propios fondos. Na roga de 20/01/18 foi ofrecida ademais unha chocolatada ás 120 crianzas, nais e pais que nos acompañaron para a roga da tarde, cun gasto de **49,20 euros**. O gasto de gasóleo serviu para sufragar o uso do tractor nas dúas rogas e de transporte de materiais.

Táboa 2. Gastos de loxística e voluntariado co número de factura do anexo

Obxecto	Euros	Anexo
Luvas (40 unidades)	36,42	5
Picochas+mangos (15 unidades)	214,36	6
Pan para roga 20/01/18 (33 unidades)	17,49	7
Pan para roga 05/02/18 (39 unidades)	20,67	8
Avituallamento albaroque 20/01/18	36,08	9
Avituallamento albaroque 05/02/18	66,48	10
Chocolatada albaroque 20/01/18	49,20	11
Gasóleo	56,50	12
TOTAL	**497,2**	

Existindo xa unha provisión de fondos suficiente para os traballos de consolidación a realizar nos próximos anos, **o remanente de 602,8 euros será destinado integramente aos traballos da terceira hectárea**, a sumar ás achegas que continúan sendo feitas polas madriñas.

Capítulo 4. Comisións Kukumiku, pasarelas de pago e transferencias

En 13/01/2018 a Fundación Kukumiku ingresou á Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins **6.163,96** euros para iniciar as actuacións sobre as dúas primeiras hectáreas. A cantidade correspóndese coas primeiras 225 doazóns.

Táboa 3. Comisións para as primeiras 225 doazóns

Concepto	Euros
Total recaudado a través de Kukumiku	6.440
Custo comisión Kukumiku (3%)	-193,20
Custo comisións pago con tarxeta (0,5%)	-23,23
Custo pagos vía Paypal (1,9%+0,35€)	-50,79
Custo pagos vía Stripe (1,2%+0,25€)	-8,82
Coste transferencia	0
Total ingresado	**6.163,96**
Total comisión+custos pagamento	**276,04**

En 23/02/2018 a Fundación Kukumiku ingresou á Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins **4.859,02** euros, correspondente coas seguintes 144 doazóns recibidas.

Táboa 4. Comisións para as 144 doazóns seguintes

Concepto	Euros
Total recaudado a través de Kukumiku	5.070
Custo comisión Kukumiku (3%)	-152,10
Custo comisións pago con tarxeta (0,5%)	-18,53
Custo pagos vía Paypal (1,9%+0,35€)	-34,99
Custo pagos vía Stripe (1,2%+0,25€)	-1,11
Coste transferencia	-1
Total ingresado	**4.859,02**
Total comisión+custos pagamento	**209,98**

Incorpóranse en anexo os dous informes de doazóns de Kukumiku con indicación dos custes desagregados das comisións practicadas polas diferentes pasarelas de pagamento. En total, as comisións practicadas correspondentes aos 11.022,98 euros transferidos á Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins suman **486,02 euros**. Débese notar, que só corresponden ás dúas primeiras hectáreas 10.000 euros, mentres que os restantes 1.022,98 xa corresponden ás achegas destinadas á terceira hectárea.

Á marxe das comisións do crowdfunding, contabilízanse igualmente neste apartado as comisións bancarias aplicadas á Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins polas transferencias realizadas aos proveedores (ver xustificantes de transferencia bancaria anexos) e que suman un total de **9,83** euros. Deste xeito, o gasto total neste capítulo foi de **495,85 euros** (dos que unha pequena parte se corresponden a 1.022,98 euros da 3ª hectárea). Esta cifra aproxímase ao gasto estimado inicialmente, de 250€ por hectárea, e que correspondería con 500 euros para as dúas hectáreas. Só se considera como remanente 4,15 euros, que irían destinados aos traballos da terceira hectárea.

Capítulo 5. Premios para sorteos e insignias

Na súa previsión económica, a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins estimara unha partida de 200 euros por cada hectárea para sufragar as insignias da "Comunidade de Conservación de Froxán", que serían entregadas a todas as madriñas que as viñeran recoller así como a todas as voluntarias participantes nas rogas, e que tamén sufragaría os premios para os sorteos. Non obstante, os premios foron ofrecidos gratuitamente pola propietaria da casa rural e polas asociacións Véspera de Nada e Touda, de modo que só se contabilizarán neste capítulo os gastos das insignias e das pinturas para a preparación das pedras rotuladas.

Táboa 5. Gastos insignias e materiais para pedras rotuladas

Obxecto	Euros	Anexo
Crachás 35 mm (275 unidades)	123,72	13
Pinturas para pedras rotuladas	63,93	14
TOTAL	**187,65**	

Sendo o gasto total para as dúas primeiras hectáreas de **187,65 euros**, o remanente é de 212,35 **que se destinará integramente aos traballos da terceira hectárea**.

3. GASTOS TOTAIS, FONDO DE ROZAS E REMANENTE

Atendendo ao exposto, os gastos efectuados + comisións aplicadas sobre os 10.000 euros arrecadados para os traballos nas dúas primeiras hectáreas (no caso das comisións, sumando o xa ingresado que se correspondería á 3ª hectárea) suma **5.971,12 euros**. O fondo de rozas a realizar nos anos seguintes nestas dúas hectáreas estabécese en **3.209,58 euros**, o que sumado ao anterior resulta en **9,180,7** euros gastados ou comprometidos nos traballos correspondentes ás hectárea 1 e 2. **Existe así un remanente de 819,3 euros, que se destinará íntegramente aos traballos da terceira hectárea**.

Táboa 6. Gastos, fondo de rozas e remanentes hectáreas 1 e 2

Concepto	Euros
Adquisición de árbores	2.221,92
Rozas previas e preparación (aburatado)	2.568,50
Voluntariado e loxística	497,20
Comisións	495,85
Insignias e rotulación de pedras	187,65
TOTAL GASTOS	**5.971,12**
Fondo para rozas posteriores	**3.209.58**
Total Gastos+Fondo para rozas	**9.180.7**
Remanente para 3ª hectárea	819,3

4. AVANCE SOBRE A CONTINUIDADE DO PROXECTO

No intre de redacción deste informe (22/02/2018) téñense arrecadado 11.710 euros no proxecto, dos que 1.710 se corresponden coas achegas destinadas á terceira hectárea. A estas achegas e ás que se continúen sumando ata alcanzar, no mínimo, o obxectivo da terceira hectárea, haberá que sumar o remanente de 819,3 euros dos traballos da primeira e segunda hectárea. O obxectivo das entidades promotoras será alcanzar nos próximos meses non só os fondos necesarios (axustados xa á experiencia de gasto real das dúas hectáreas iniciais, así como á ferramenta e materiais reutilizábeis) para realizar no próximo inverno os traballos de substitución de eucaliptos por frondosas autóctonas na terceira hectárea, senón que para aumentar a superficie do proxecto até onde sexa posíbel, e particularmente ás 10 hectáreas previstas na iniciativa. Con este obxectivo, manterase aberta a páxina de Kukumiku con data de finalización aberta, promoveranse as achegas recorrentes de socias mensais e procuraranse vías adicionais para financiar os traballos e continuar implicando neles a toda a "Comunidade de Conservación de Froxán" formada por madriñas e voluntarias.

Neste sentido, comprácenos igualmente anunciar que o proxecto de plantación de 10.000 árbores autóctonas no monte veciñal de Froxán foi preseleccionado pola *European Outdoor Conservation Association* dentre 150 proxectos de todo o mundo para ir a unha votación pública online durante o mes de marzo de 2018, na que a iniciativa competirá con outras 11. De ser seleccionado, o proxecto podería aumentar a superficie ata as 20 hectáreas, restaurar un hábitat prioritario de turbeira húmida e crear un roteiro por volta das zonas restauradas. Por iso mesmo, no inicio de marzo pedirémosvos a todas as madriñas, voluntarias e amigas que nos axudedes a divulgar as páxinas de votación entre os vosos contactos para que entre todas fagamos deste #oteubosque un grande exemplo de como é posíbel imaxinar e facer un monte distinto.

5. LISTADO DE DOCUMENTACIÓN ANEXA

A continuación inclúense tres grupos de documentación anexa. O primeiro grupo inclúe as dúas primeiras páxinas dos dous informes de doazóns elaborados pola Fundación Kukumiku. Omitiuse o listado de doazóns individuais. O segundo grupo inclúe todas as facturas do proxecto, numeradas da 1 á 14, que foron referidas nos capítulos de gasto previos. O último grupo inclúe os 14 xustificantes de transferencia bancaria correspondentes con cada unha das facturas anteriores. Todas as facturas foron pagas mediante transferencia directa ao proveedor desde a conta bancaria da Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, con excepción das facturas 11 (49,20€), 12 (56,50€) e 14 (63,93€) nas que o importe foi reembolsado á conta bancaria das socias da entidade que avanzaron o pago ao proveedor.

- Informe de doazóns Kukumiku n.º 1 (27/12/2017-12/01/2018)
- Informe de doazóns Kukumiku n.º 2 (13/01/2018-23/02/2018)
- Factura 1 (27/18). Boibel Forestal S.L. (adquisición planta), 17/01/2018
- Factura 2 (50/18). Boibel Forestal S.L. (adquisición planta), 02/02/2018
- Factura 3 (A/1). Desbroces Casal S.L. (rozas e aburatado), 15/01/2018
- Factura 4 (A/2). Desbroces Casal S.L. (rozas e aburatado), 25/01/2018
- Factura 5 (18/83). Hros. Antonio Seone Gómez [Tucho] (luvas), 18/01/2018
- Factura 6 (18/179). Hros. Antonio Seone Gómez [Tucho] (picochas), 08/02/2018
- Factura 7 (1/18). Manuel Ourille Abuín y otra S.C. (pan), 20/01/2018
- Factura 8 (4/18). Manuel Ourille Abuín y otra S.C. (pan), 04/02/2018
- Factura 9 (1208). Super JEFAMA S.L. (avituallamento), 18/01/2018
- Factura 10 (1223). Super JEFAMA S.L. (avituallamento), 03/02/2018
- Factura 11 (2018FBFN67501). C.C. Carrefour S.A. (chocolatada), 12/01/2018
- Factura 12 (1000199). Vego Supermercados S.A.U. (gasóleo), 19/01/2018
- Factura 13 (2018/6). Sacauntos S.C.G. (crachás), 10/01/2018
- Factura 14 (041321). Almacenes Celso Miguez S.A. (pinturas), 24/01/2018
- Xustificantes de transferencias bancarias

En Froxán (Lousame), a 23 de febreiro de 2018,

O Tesoureiro. A Presidenta.

INFORME DONACIONES - Campaña Crowdfunding Solidario

DATOS DE LA CAMPAÑA:	
Nombre del Proyecto:	En el corazón un arbol: amadrina bosque autóctono
Proyecto creado por:	colunasanfins
Fecha de inicio:	27/12/2017
Transferencia de recaudación hasta la fecha:	12/01/2018 (incluido)
Nº Donaciones (Realizadas):	225
Total recaudado	6.540€
Donativos Offline	100€
Total recaudado a través de Kukumiku	**6.440€**
Coste comisión Kukumiku 3%	-193,20€
Coste pagos vía T.C (0,5%)	-23,23€
Coste pagos vía Paypal (1,9% + 0,35€)	-50,79€ (24,89€ + 25,90€)
Coste pagos vía Stripe Europa (1,2 + 0,25€)	-8,82€ (5,82€ + 3,00€)
Coste transferencia recaudación	-0€
Total a ingresar:	**6.163,96€**
Datos del receptor:	
Nombre: Asoc. Sociedade Histórica e Cultura Coluna Sanfins **CIF:** G70469150 **Dirección:** Froxán 4, Lousame 15212 (A Coruña) **IBAN**: ES18 3070 0002 7061 6093 8822 (Caixa Rural Galega)	
Fecha de ingreso:	**13/01/2018**

RESUMEN MÉTODOS DE PAGO Y COMISIONES				
TIPO DE PAGO		**Comisión %/€**	**Recaudación**	**Coste**
TriodosBank	**Cantidad recaudada**	**0,5%**	4.645€	23,23€
	Nº Pagos	**-**	138	-
PayPal	**Cantidad recaudada**	**1,9%**	1.310€	24,89€
	Nº Pagos	**+0,35€**	74	25,90€
Stripe Europa	**Cantidad recaudada**	**1,2€**	485€	5,82€
	Nº Pagos	**+0,25€**	12	3,00€
Kukumiku	**Cantidad recaudada**	**3%**	6.440€	193,20€
	Nº Pagos	**-**	224	-
COSTES TOTALES				**276,04€**

INFORME DONACIONES - Campaña Crowdfunding Solidario

DATOS DE LA CAMPAÑA:	
Nombre del Proyecto:	No corazón unha árbore: amadriña bosque autóctono
Proyecto creado por:	colunasanfins
Fecha de inicio:	13/01/2018 (incluido)
Transferencia de recaudación hasta la fecha:	23/02/2018 (19:30h)
Nº Donaciones (Realizadas):	144
Total recaudado	5.120€
Donativos Offline	50€
Total recaudado a través de Kukumiku	**5.070€**
Coste comisión Kukumiku 3%	-152,10€
Coste pagos vía T.C (0,5%)	-18,53€
Coste pagos vía Paypal (1,9% + 0,35€)	-34,99€ (23,09€ + 11,90€)
Coste pagos vía Stripe Europa (1,2 + 0,25€)	-1,11€ (0,36€ + 0,75€)
Coste pagos vía Stripe Internacional (2,9 + 0,35€)	-3,25€ (2,90€ + 0,35€)
Coste transferencia recaudación	-1€
Total a ingresar:	**4.859,02€**
Datos del receptor:	
Nombre: Asoc. Sociedade Histórica e Cultura Coluna Sanfins **CIF:** G70469150 **Dirección:** Froxán 4, Lousame 15212 (A Coruña) **IBAN**: ES18 3070 0002 7061 6093 8822 (Caixa Rural Galega)	
Fecha de ingreso:	**23/02/2018**

RESUMEN MÉTODOS DE PAGO Y COMISIONES				
TIPO DE PAGO		**Comisión %/€**	**Recaudación**	**Coste**
TriodosBank	**Cantidad recaudada**	**0,5%**	3.705€	18,53€
	Nº Pagos	**-**	105	-
PayPal	**Cantidad recaudada**	**1,9%**	1.215€	23,09€
	Nº Pagos	**+0,35€**	34	11,90€
Stripe Europa	**Cantidad recaudada**	**1,2%**	30€	0,36€
	Nº Pagos	**+0,25€**	3	0,75€
Stripe Internacional	**Cantidad recaudada**	**2,9%**	100	2,90€
	Nº Pagos	**+0,35€**	1	0,35€
Transferencia	**Cantidad recaudada**	**-**	20€	-
	Nº Pagos	**-**	1	-
Donativos Offline	**Cantidad recaudada**	**-**	50€	-
	Nº Pagos	**-**	1	-
Kukumiku	**Cantidad recaudada**	**3%**	5.070€	152,10€
	Nº Pagos	**-**	144	-
COSTES TOTALES				**209,98€**

BOIBEL
FORESTAL

FACTURA Nº 027/18
Galegos a 17/01/2018

SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURAL COLUNA SANFINS
FROXÁN Nº 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA
CIF :G70469150

UDS	CONCEPTO	PREZO	EUROS
700	Quercus robur alveolo forestal	0,77	540,89
40	Fraxinus excelsior 50/80 cm R/N	0,86	34,54
40	Prunus avium 50/80 cm R/N	0,82	32,72
20	Betula celtiberica 50/80 cm R/N	1,00	20,00
1	Porte	50,00	50,00

TOTAL BASE I.....	628,16
I.V.E. 10%	62,82
TOTAL BASE II.....	50,00
I.V.E. 21%	10,50
TOTAL FACTURA.....	**751,47 €**

PAGAMENTO:
LA CAIXA-IBAN: ES20 2100 4201 5022 0003 8232
ABANCA-IBAN: ES70 2080 0382 50 3040004112

Boibel Forestal S.L., Inscrita no R.M. de A Coruña, tomo 1.603 do Arquivo, Sección Xeral, ao folio 186, folla nºC - 13.324, Inscripción 3ª. C.I.F.: ES - B 15492705

Pazo de Galegos
E-15686 Frades . A Coruña
Tel.: +34 981 69 59 79
Fax: +34 981 69 58 47
boibel_febal@hotmail.com

BOIBEL
FORESTAL

FACTURA Nº 050/18
Galegos a 02/02/2018

SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURAL COLUNA SANFINS
FROXÁN Nº 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA
CIF :G70469150

UDS	CONCEPTO	PREZO	EUROS
1000	Quercus robur a.f	0,77	772,70
50	Prunus avium a.f	0,82	40,91
50	Fraxinus angustifolia a.f	0,82	40,91
300	Betula celtiberica a.f	0,59	177,27
300	Alnus glutinosa a.f	0,59	177,27
50	Corylus avellana a.f	0,82	40,91
50	Arbutus unedo a .f	0,82	40,91
1	Porte	50,00	50,00
		TOTAL BASE I.....	1.290,86
		I.V.E. 10%	129,09
		TOTAL BASE II.....	50,00
		I.V.E. 21%	10,50
		TOTAL FACTURA.....	**1.480,45 €**

PAGAMENTO:
LA CAIXA-IBAN: ES20 2100 4201 5022 0003 8232
ABANCA-IBAN: ES70 2080 0382 50 3040004112

Pazo de Galegos
E-15686 Frades A Coruña
Tel. +34 981 69 59 79
Fax +34 981 69 58 47
boibel_feba@hotmail.com

Boibel Forestal SL. Inscrita no R.M. de A Coruña, tomo 1 603 do Arquivo, Sección Xeral, en folio 180, folla nº C-11124, inscripción 1ª C.I.F.: ES - B 15492705

Inscrita no Rexistro provisional de Productores de plantas de Viveiro con nº 15/01/07/0760 e número de Rexistro Oficial de Productores, Comerciantes e Importadores de Material [illegible]

DESBROCES CASAL, S.L.

Liñares s/n
15911 - ROIS
LA CORUÑA

Tf. 606 43 93 64
Fax: 981 80 53 41

C.I.F.: B70509252 ***administracion@desbrocescasal.es***

SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURA COLUNA

Froxán, 4

15212 Lousame
CORUÑA
G70469150

Nº Factura	Fecha	Fecha Valor	Referencia
A/1	15/01/2018	15/01/2018	

Descripción

Cantidad	Código	Artículo	Precio	IVA	Subtotal
1,000		PREPARACIÓN DE TERREO CON TRITURADORA DE MARTELOS EN BROTES DE EUCALIPTO E ABURATADO NO MONTE VECIÑAL DE FROXÁN	1.167,50	10,00	1.167,50
1,000				**Subtotal**	1.167,50

	Descuento	%	Dto P.Pago	%	IVA	Base Imponible	Importe IVA	Importe R.E.
					10,00%	1.167,50	116,75	

TOTAL FACTURA
1.284,25 €

Forma de Pago

CONTADO
IBAN: ES73 0049 1180 4720 1006 0031

En cumplimento de lo establecido en la Ley Orgánica 15/99, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, le informamos que los datos que figuran en el presente documento forman parte de un fichero propiedad de DESBROCES CASAL, S.L. para la correcta prestación de los servicios que la empresa ofrece a sus clientes. Asimismo, podrá ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose a Lg. Liñares, s/n, 15911 Rois, A Coruña, ESPAÑA junto con prueba válida en derecho, como fotocopia del DNI. e indicando en el asunto " PROTECCIÓN DE DATOS"

DESBROCES CASAL, S.L.

Liñares s/n
15911 - ROIS
LA CORUÑA

Tf. 606 43 93 64
Fax: 981 80 53 41

C.I.F.: B70509252 *administracion@desbrocescasal.es*

SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURA COLUNA

Froxán, 4

15212 Lousame
CORUÑA
G70469150

Nº Factura	Fecha	Fecha Valor	Referencia
A/2	25/01/2018	25/01/2018	

Descripción

Cantidad	Código	Artículo	Precio	IVA	Subtotal
1,000		PREPARACIÓN DE 1 HA DE TERREO CON TRITURADORA DE MARTELOS EN BROTES DE EUCALIPTO E ABURATADO NO MONTE VECIÑAL DE FROXÁN	1.167,50	10,00	1.167,50
1,000				**Subtotal**	1.167,50

	Descuento	%	Dto P.Pago	%	IVA	Base Imponible	Importe IVA	Importe R.E.
					10,00%	1.167,50	116,75	

TOTAL FACTURA
1.284,25 €

Forma de Pago

CONTADO
IBAN: ES73 0049 1180 4720 1006 0031

En cumplimento de lo establecido en la Ley Orgánica 15/99, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, le informamos que los datos que figuran en el presente documento forman parte de un fichero propiedad de DESBROCES CASAL, S.L. para la correcta prestación de los servicios que la empresa ofrece a sus clientes. Asimismo, podrá ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose a Lg. Liñares, s/n, 15911 Rois, A Coruña, ESPAÑA junto con prueba válida en derecho, como fotocopia del DNI. e indicando en el asunto " PROTECCIÓN DE DATOS"

tucho

Ferreiro, 34
Tlf. 981 82 01 15
Tlf./Fax 981 82 40 85
15200 NOIA

Avda Constitución, 23
Tlf. 981 84 27 17
Fax 981 84 27 18
15930 BOIRO

E-mail: ftucho@ftucho.net

Dirección facturación

SOCIEDADE HISTORICA E CULTURA COLUNA SANFI
FROXAN, 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA

Dirección de entrega

SOCIEDADE HISTORICA E CULTURA COLUNA SANFI
FROXAN, 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA

Fecha: 18/01/2018
Factura: N18 / 83
NIF/CIF: G-70.469.150
Obra:

Código	Descripción	Cantidad	Precio	Descuentos	Importe
34773	GUANTE POLIESTER NITRILO GRIS NY-NG8 BL	20,00	0,909 10	8%	15,05
34475	GUANTE POLIESTER NITRILO GRIS NY-NG9 BL	20,00	0,909 10	8%	15,05

Nuestra nueva dirección de correo electronico es: admin@ftucho.net

Base imponible	% Iva	Cuota I.V.A	Total Euros :	36,42
30,10	21%	6,32		

tucho

Ferreiro, 34
Tlf. 981 82 01 15
Tlf./Fax 981 82 40 85
15200 NOIA

Avda. Constitución, 23
Tlf. 981 84 27 17
Fax 981 84 27 18
15930 BOIRO

E-mail: ftucho@ftucho.net

Dirección facturación

SOCIEDADE HISTORICA E CULTURA COLUNA SANFI
FROXAN, 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA

Dirección de entrega

SOCIEDADE HISTORICA E CULTURA COLUNA SANFI
FROXAN, 4
15212 LOUSAME
A CORUÑA

Fecha: 08/02/2018
Factura: N18 / 179
NIF/CIF: G-70.469.150
Obra:

Código	Descripción	Cantidad	Precio	Descuentos	Importe
	De Presupuesto de cliente Nº N18-5 del 24/01/2018:				
0	PICOCHA 346619 8*16 280GR	5,00	7,660	17,35%	31,65
0	MANGO MADERA AZADA 1100 x 40 32 mm	5,00	2,990	17,35%	12,36
0	PICOCHA 9232 12*25 1850GR	10,00	12,530	17,35%	103,56
0	MANGO PARA 9232	10,00	3,580	17,35%	29,59

HROS. ANTONIO SEOANE GOMEZ - N.I.F. - E-70.354.204

Nuestra nueva dirección de correo electronico es: admin@ftucho.net

Base imponible	% Iva	Cuota I.V.A	Total Euros :	214,36
177,16	21%	37,20		

Forma de pago:	CCC	Fecha Vto.	Importe
CTA: ES36 20800301223040015190		08/02/2018	214,36

PANADERIA M. OURILLE

Manuel Ourille Abuín y otra S.C.

C.I.F. G-15362825

Ardeleiros - LOUSAME (A Coruña)

Tlf. 981 878 472

N.º 1/18

Fecha: 20-1-18

Sr. D.: Sociedade Histórica e Cultural colina Sanfins

D.N.I. 6-70469150 Domicilio: Froxan 4 - Lousame 15212

Día	Cantidad	CONCEPTO	Precio	Importe
	33	chuseos	0,53	17,49

IMPORTE	17,49
I.V.A. 4%	0,70
TOTAL	18,19

RASANXO, S.L. - BORO

PANADERIA M. OURILLE

Manuel Ourille Abuín y otra S.C.
C.I.F. G-15362825
Ardeleiros - LOUSAME (A Coruña)
Tlf. 981 878 472

N.º 4/18

Fecha: 4 - 2 - 18

Sr. D.: Sociedade Histórica e Cultural columna Lan

D.N.I. G-70469150 Domicilio: Froxan 4 - Lousame 15212

Día	Cantidad	CONCEPTO	Precio	Importe
	39	Chuscos	0,53	20,67

Supermercado JEFAMA

SUPER JEFAMA S.L.
N.I.F. B 70355995

R/ Irmáns Labarta, 1-3
Teléfono e Fax. 981 82 11 18
15200 NOIA (A Coruña)

Supermercados COVIRAN

Noia,a 18 de ENERO de 2018

FACTURA Nº 01208

CLIENTE: SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURA COLUMA SAFINS

Domicilio FROXÁN 4, LOUSAME 15212 *N.I.F./C.I.F.* G70469150

CANT.	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE
	FIAMBRE PARA BOCADILLOS		
	VOLUNTARIOS PLANTACIÓN		
	SERVILLETAS Y FRUTA		
	TOTAL	€	36'08

d	BASE	IVA	CUOTA	TOTAL
A	6'740	4%	0'270	7'01
F	25'982	10%	2'598	28'58
G	0'405	21%	0'085	0'49

SUPER JEFAMA S.L. A BANCA

2080 5498 25 3040 10 4171

I.V.E. INCLUIDO

Supermercado JEFAMA

SUPER JEFAMA S.L.
N.I.F. B 70355995

R/ Irmáns Labarta, 1-3
Teléfono e Fax. 981 82 11 18
15200 NOIA (A Coruña)

Supermercados COVIRAN

Noia,a 3 *de* Febrero *de 201*8

FACTURA Nº 01223

CLIENTE: Sociedade Histórica e Cultural Corona Santeiás

Domicilio Froxán Nº4 Lousame 15212 *N.I.F/CI.F.* G70469150

A CUENTA

CANT.	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE
	AVITUALLAMIENTO PARA		
	VOLUNTARIOS PLANTACIÓN		
	TOTAL €		66'48

Ø	BASE	IVA	CUOTA	TOTAL
A	7'577	4%	0'303	7'88
F	52'595	10%	5'260	57'86
G	0'620	21%	0'130	0'75

Super Jefama SL. A Banca

2080 5498 25 3040 104171

I.V.E. INCLUIDO

Carrefour

CENTROS COMERC CARREFOUR S.A.
C/ CAMPEZO 16
28022 MADRID
MADRID
NIF: A28425270

DATOS DE CLIENTE
ASOC.S. HIS. E CULTURAL COLUNA SANFINS
CALLE LUGAR DE FOXAN 4
CASA
15214 LOUSAME
LA CORUÑA
NIF: G70469150

A CORUÑA
AVDA. ALFONSO MOLINA S/N
15008 LA CORUÑA
LA CORUÑA
981183500

Dirección de entrega:

Nº Factura:	Fecha Factura:	Centro:	Caja:	Nº Ticket:	Fecha Ticket:	Matrícula:
2018FBFN00067501	12/01/2018	0011	015	05400	12/01/2018	

Código EAN	Descripción	Cantidad	PVP	Descuento	Total PVP	Base	% IVA
8410668111130	LECHE SEMI.FEIRACO	30,000	23,70	0,00	23,70	22,79	4,00
8414119038359	CHOCO EXPRESS TAZA	4,000	7,80	0,00	7,80	7,09	10,00
8414119050016	CHOCOLATE A LA TAZ	6,000	17,70	0,00	17,70	16,09	10,00

Tipo	% Impuesto	Base	Cuota	% Recargo Equivalencia	Cuota R.E.	Total
IVA	4,00	22,79	0,91	0,00	0,00	23,70
IVA	10,00	23,18	2,32	0,00	0,00	25,50

Total impuestos incluidos	49,20 EUR
Otros Descuentos/Bonif. Factura	0,00 EUR
Suplidos	0,00 EUR
Total Factura	**49,20 EUR**

Forma de pago: Contado
Vencimiento:

Observaciones:

Atención al Cliente Teléfono: 34 914 908 900

Reg Mer de Madrid, Tomo 4 100 Gral. 3326 Secc. 3 Folio 119 Hoja 31 842

VEGO SUPERMERCADOS S.A.U.
C/GAMBRINUS 9-11
15008. A CORUÑA. (La Coruña)

CIF: A36651313

FACTURA

ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS
Nombre
LGR. FORXAN 4 LOUSAME
Dirección
15212 LOUSAME (LA CORUÑA)
CP-Población-Provincia
G70469150
CIF/DNI/NIF

GASO NOIA
CARR. PUERTO ABARQUIÑA
15200. NOIA. (La Coruña)
N.REGISTRO : 15ES0F5T

TLF:
FAX:

O3374	**01000199**	**19/01/2018**
Serie Emisión	Nº Factura	Fecha Factura

FECHA	CONCEPTO	IMPORTE
19/01/2018	Según compra en el centro GASO NOIA, caja 1 y ticket Nº 3585	56,50

TIPOS DE IVA			21.0%			
Base Imponible			46,69			
Cuota B. Imponible			9,81			
Recargo Equivalencia	No					
Tipo R. Equivalencia						
Exento de IVA	No					

Total Factura Costo	46,69
Total Cuotas IVA	9,81
Cuota Rec Equivalencia	0,00
Exención de Cuotas	
TOTAL FACTURA	56,50

Firma Cliente

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña, Folio 219, Tomo 2556, Inscripción 2ª de la hoja nº C-28163. C.I.F.: A-36.651.313

EROSKI S. Coop almacenará y tratará los datos proporcionados, para la gestión, emisión y control de facturas. Sus datos serán comunicados, con la misma finalidad, a la mercantil del sector de la distribución, perteneciente al Grupo Eroski, que en cada caso, deba emitir la factura por ser la responsable del punto de venta. Para acceder, rectificar, cancelar sus datos u oponerse a su tratamiento, puede indicarlo en Caja Central o por escrito, a Eroski S.Coop o a la sociedad emisora de la factura, dirigiéndose al domicilio social que figure en la misma.

Gasolinera
(3374) E.S. NOIA
VEGO S.A.U.
19 ENE 20[illegible]
Ctra. Porto A Barquiña, s/n
15200 Noia (A Coruña) Tel. 981 821 264
C.I.F.: A-36651313

factura

rua do avio, nº 11
15705 compostela, GZ
981 576 883
info@sacauntos.com
www.sacauntos.com

dados

data 10-01-18
nº factura 2018-0006

cliente:
Sociedade histórica e cultura Coluna Sanfins
Frojam 4
15212, Lousame
CIF: G-70469150

desglose

conceito	uds./hrs.	tarifa	preço
Crachás 35 mm. “Comunidade de Frojam”	200	0,43 €	86,00 €
Crachás 35 mm. “Comunidade de Frojam”	75	0,79 €	59,25 €
Desconto por erro no arquivo impresso			
Subtotal			145,25 €
Desconto sobre	86,00 €	-50,00%	-43,00 €
Base imponível			102,25 €
IVA	102,25 €	21,00%	21,47 €
IVA	0,00 €	4,00%	0,00 €
Recargo de equivaléncia	0,00 €	0,00%	0,00 €
Total da fatura			**123,72 €**

vencemento: à vista

pagamento: transferência bancária

IBAN: ES09 2080 0343 0530 4000 9656 (a banca)

consultar condiçons e política de proteçom de dados na seguinte página deste documento

CELSO MIGUEZ

WORLD PAINTS

LÍDER NACIONAL EN PINTURAS

Telf.: 986859500
Fax: 986863241
E-Mail: clientes@celsomiguez.com
Web: www.celsomiguez.com

Cliente	*000063*
Nº Factura	*A_C063_2018_041321*
Fecha	*24/01/2018*
C.I.F.	*G70469150*

ASOC.SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURAL COLUNA SAFINS
LG DE FROXAN - LOUSAME, 4
15212 - A Coruña
La Coruña

Código	Artículo	Tmño	Cant	Unid	Precio	Dtos	IMPORTE
	Albarán Nº ... A_C063_2018_041321 de Fecha ... 24/01/2018			***Refer.:***			
069885	LACA CRISTAL ZAPON SATINADO	400 ML	2,00	SPRAY	9,50		19,00
014989	PAJARITA LATEX BLANCO	35 ML	8,00	FRASCO	1,56	10,00%	11,23
049070	PAJARITA LATEX TURQUESA	35 ML	2,00	FRASCO	1,56	10,00%	2,81
013517	PAJARITA LATEX MAGENTA	35 ML	2,00	FRASCO	1,56	10,00%	2,81
017843	PAJARITA LATEX VIOLETA	35 ML	2,00	FRASCO	1,56	10,00%	2,81
049072	PAJARITA LATEX VERDE LORO	35 ML	2,00	FRASCO	1,56	10,00%	2,81
049073	PAJARITA LATEX VERDE CESPED	35 ML	2,00	FRASCO	1,56	10,00%	2,81
014990	PAJARITA LATEX NEGRO	35 ML	5,00	FRASCO	1,56	10,00%	7,02
014995	PAJARITA LATEX BERMELLON	35 ML	3,00	FRASCO	1,56	10,00%	4,21
014992	PAJARITA LATEX AMARILLO ORO	35 ML	3,00	FRASCO	1,56	10,00%	4,21
014997	PAJARITA LATEX AZUL ULTRAMAR	35 ML	3,00	FRASCO	1,56	10,00%	4,21

F. Pago . . CONTADO

% Dto P.P. .

Base	*% IVA*	*Imp. IVA*
52,83	21,00	11,10

TOTAL >> 63,93 €

Almacenes Celso Miguez, S.A. CIF: ES A - 36005718 Inscrita en el Registro mercantil de Pontevedra el 26.01.1974, Hoja Nº 2.262, Folio Nº 75,Libro 159 de Sociedades Inscr

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	15-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      BOIBEL FORESTAL
BIC beneficiario:  CAIXESBBXXX  IBAN beneficiario: ES2021004201502200038232
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8515091003
Concepto:          FACTURA PROFORMA 001-18

Por conta de:
Importe:                  751,47    Comisión emisión:              0,75
Correo:                     0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        15-01-2018        Total debido:                752,22
```

*** Importes expresados en euros.**

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	02-02-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      BOIBEL FORESTAL
BIC beneficiario:  CAIXESBBXXX  IBAN beneficiario: ES2021004201502200038232
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8533091420
Concepto:          PROFORMA 007/2018

Por conta de:
Importe:                1.480,45    Comisión emisión:              0,75
Correo:                     0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        02-02-2018        Total debido:              1.481,20
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	30-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

Beneficiario: DESBROCES CASAL SL
BIC beneficiario: BSCHESMMXXX IBAN beneficiario: ES7300491180472010060031
País beneficiario: ES
Referencia: 3070TR8530090030
Concepto: FACTURAS A/1 E A/2

Por conta de:

Importe:	2.568,50	Comisión emisión:	1,28
Correo:	0,00	Declaración PNR:	0,00
Data valor:	30-01-2018	Total debido:	2.569,78

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	22-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

Beneficiario: HROS. ANTONIO SEOANE GOMEZ (TUCHO)
BIC beneficiario: CAGLESMMXXX IBAN beneficiario: ES3620800301223040015190
País beneficiario: ES
Referencia: 3070TR8522090016
Concepto: FACTURA N18/83 (LUVAS)

Por conta de:

Importe:	36,42	Comisión emisión:	0,75
Correo:	0,00	Declaración PNR:	0,00
Data valor:	22-01-2018	Total debido:	37,17

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	09-02-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      HROS. ANTONIO SEOANE GOMEZ (TUCHO)
BIC beneficiario:  CAGLESMMXXX  IBAN beneficiario: ES3620800301223040015190
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8540090035
Concepto:          N18/179

Por conta de:
Importe:                    214,36    Comisión emisión:              0,75
Correo:                       0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        09-02-2018          Total debido:                215,11
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	22-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      MANUEL OURILLE ABUIN Y OTRA SOC. COOP.
BIC beneficiario:  CAGLESMMXXX  IBAN beneficiario: ES1920800356133040004651
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8522090096
Concepto:          33 CHUSCOS DE PAN

Por conta de:
Importe:                     18,19    Comisión emisión:              0,75
Correo:                       0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        22-01-2018          Total debido:                18,94
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	08-02-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta	IBAN: ES1830700002706160938822
3070	0002	70	6160938822	

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      MANUEL OURILLE ABUIN Y OTRA SOC. COOP.
BIC beneficiario:  CAGLESMMXXX  IBAN beneficiario: ES1920800356133040004651
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8539090035
Concepto:          39 CHUSCOS DE PAN (FACTURA 4/18)

Por conta de:
Importe:                    20,67    Comisión emisión:              0,75
Correo:                      0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        08-02-2018         Total debido:                 21,42
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	22-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta	IBAN: ES1830700002706160938822
3070	0002	70	6160938822	

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      SUPER JEFAMA S.L.
BIC beneficiario:  CAGLESMMXXX  IBAN beneficiario: ES1620805498253040104171
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8522090015
Concepto:          FACTURA 01208 (FIAMBRE, PANOS, FRUTA)

Por conta de:
Importe:                    36,08    Comisión emisión:              0,75
Correo:                      0,00    Declaración PNR:               0,00
Data valor:        22-01-2018         Total debido:                 36,83
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	08-02-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

Beneficiario: SUPER JEFAMA S.L.
BIC beneficiario: CAGLESMMXXX IBAN beneficiario: ES1620805498253040104171
País beneficiario: ES
Referencia: 3070TR8539090034
Concepto: FACTURA 01223 (AVITUALLAMIENTO VOLUNTARIOS)

Por conta de:

Importe:	66,48	Comisión emisión:	0,75
Correo:	0,00	Declaración PNR:	0,00
Data valor:	08-02-2018	Total debido:	67,23

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	15-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

Beneficiario: LUCIA RODRIGUEZ CAO
BIC beneficiario: BBVAESMMXXX IBAN beneficiario: [ELIMINADO PARA PROTEXER DATOS PERSOAIS]
País beneficiario: ES
Referencia: 3070TR8515090105
Concepto: REEMBOLSO FACTURA 2018FBFN00067501

Por conta de:

Importe:	49,20	Comisión emisión:	0,75
Correo:	0,00	Declaración PNR:	0,00
Data valor:	15-01-2018	Total debido:	49,95

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	22-01-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	D.C.	Núm. de Conta
3070	0002	70	6160938822

Estimado cliente:

Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada de acordo coas súas instrucións.

Beneficiario	Entidade/Oficina Beneficiario	Conta Beneficiario
XOAN EVANS PIN	CAIXA R. GALEGA, S.C.C.L.G.	DATOS PERSOAIS ELIMINADOS

Referencia	Concepto	Por Conta de
008019000159	REEMBOLSO FACTURA 01000199 (GASOLEO)	

Importe Transferido	Comisión Emisión	Correo	Com. Xustificación Individual	Com. Declaración PNR
56,50	0,30	0,00	0,00	0,00

Comisión por Instrucións Especiais	Clave de Gastos	Data Valor	Total Debido
0,00	SHA	22-01-2018	56,80

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	12-02-2018

Titulares da Conta
ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta	IBAN
3070	0002	70	6160938822	IBAN: ES1830700002706160938822

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

```
Beneficiario:      SACAUNTOS COOPERATIVA GRAFICA
BIC beneficiario:  CAGLESMMXXX  IBAN beneficiario: ES0920800343053040009656
País beneficiario: ES
Referencia:        3070TR8543090115
Concepto:          FATURA 2018-6 CRACHAS

Por conta de:
Importe:                  123,72    Comisión emisión:            0,75
Correo:                     0,00    Declaración PNR:             0,00
Data valor:       12-02-2018        Total debido:              124,47
```

*** Importes expresados en euros.**

CAIXA RURAL GALEGA

ORDE DE TRANSFERENCIA

OFICINA	TELÉFONO	DATA
O CADAVO	982354025	05-02-2018

Titulares da Conta

ASOC.SOCIEDADE HISTORICA E CULTURAL COLUNA SANFINS

CÓDIGO CONTA CLIENTE (CCC)

Entidade	Oficina	DC	Núm. de Conta	IBAN: ES1830700002706160938822
3070	0002	70	6160938822	

Estimado cliente:
Cargamos na súa conta o importe da transferencia realizada seguindo as súas instrucións.

Beneficiario: LUCIA RODRIGUEZ CAO
BIC beneficiario: BBVAESMMXXX IBAN beneficiario: [ELIMINADO PARA PROTEXER DATOS PERSOAIS]
País beneficiario: ES
Referencia: 3070TR8536090211
Concepto: REEMBOLSO FATURA A C063 2018 041321 PINTURA

Por conta de:

Importe:	63,93	Comisión emisión:	0,75
Correo:	0,00	Declaración PNR:	0,00
Data valor:	05-02-2018	Total debido:	64,68

*** Importes expresados en euros.**